2.1 Identificación de formatos de vídeo e instalación de codecs.	2	Formatos de vídeo	1,0
3.1 Creación e publicación de vídeo manuais. 3.2 Subtitulado e tradución de vídeo manuais. 3.3 Elaboración dun vídeo manual dunha aplicación aprendida anteriormente (Calc, GIMP, etc), utilizando Camstudio ou similar. 3.4 Utilización do portugués.	3	Tutoriais com Camstudio	11,0
4.1 Gravación e edición de vídeo real. 4.2 Aplicación de transicións, efectos, etc. 4.3 Utilización do portugués.	4	Vídeos de Hardware	11,0
5.1 Aplicación práctica de técnicas aprendidas e novas técnicas, na creación dun vídeo para o certame de micro vídeos do EDLG ou do Obradoiro da Igualdade. 5.2 Utilización do portugués.	5	Vídeo creacións	9,0
<b>TOTAL</b>			<b>34</b>

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Recoñecéronse os elementos que compoñen unha secuencia de vídeo.	• LC.1 - Tarefa de clase	S	5
CA2.2 Identificáronse os tipos de formatos e codecs máis empregados.	• LC.2 - Tarefa de clase	S	5
CA2.3 Instaláronse codecs no sistema e configuráronse para o seu uso.	• LC.3 - Tarefa de clase	S	5

Critérios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.4 Analizáronse as posibilidades de diversas aplicacións específicas.	● LC.4 - Tarefa de clase	S	5
CA2.5 Importáronse e exportáronse secuencias de vídeo.	● LC.5 - Tarefa de clase	S	5
CA2.6 Importáronse pistas de audio e sincronizáronse coas secuencias de vídeo.	● LC.6 - Tarefa de clase	S	5
CA2.7 Aplicáronse transicións e efectos sinxelos.	● LC.7 - Tarefa de clase	S	5
CA2.8 Realizáronse conversións de formato en secuencias de audio e vídeo.	● LC.8 - Tarefa de clase	S	5
CA2.9 Traballouse con distintos formatos e diferentes taxas de compresión, en función da finalidade especificada.	● LC.9 - Tarefa de clase	S	5
CA2.10 Realizáronse capturas de secuencias da pantalla utilizando aplicacións específicas.	● LC.10 - Tarefa de clase	S	5
CA2.11 Capturáronse secuencias de vídeo cos recursos axeitados.	● LC.11 - Tarefa de clase	S	5
CA2.12 Elaboráronse vídeos titoriais.	● LC.12 - Tarefa de clase	S	20
CA2.13 Editáronse secuencias de son.	● LC.13 - Tarefa de clase	S	5
CA2.14 Empregouse o portugués na realización das tarefas.	● LC.14 - Tarefa de clase	S	20
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
<p>Portugués: xeral (nivel B1) e linguaxe técnica.</p> <p>0 Importación e exportación de vídeos.</p> <p>Formatos de audio</p> <p>Formatos de vídeo. Contedores. Codecs.</p> <p>Aplicacións de edición de vídeo.</p> <p>Aplicación de transicións e de efectos.</p> <p>Sincronización do audio.</p> <p>Creación de títulos e menús.</p> <p>Edición na liña de tempo.</p> <p>Captura de secuencias de pantalla.</p>

#### 4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Formatos de audio - Identificación de formatos de audio.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación das tarefas a realizar e guía paso a paso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Probas con formatos de audio.</li> <li>Probas: paradoxos e tests.</li> <li>Creación de ondas con Audacity. Interferencias constructivas e destructivas. Creación dun ton de teléfono.</li> <li>Edición dunha canción. Efectos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Faixas de audio editadas con Audacity.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Audacity, auriculares, proxector.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.8 - Tarefa de clase</li> <li>LC.13 - Tarefa de clase</li> </ul>	2,0
Formatos de vídeo - Identificación de formatos de vídeo e instalación de codecs.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación das tarefas a realizar e guía paso a paso</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Instalación de "k-lite codec pack" nunha máquina virtual Windows. Visualización de un vídeo MP4 ou FLV.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sistema operativo configurado para a reprodución de varios formatos de vídeo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VirtualBox, proxector</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - Tarefa de clase</li> <li>LC.3 - Tarefa de clase</li> </ul>	1,0
Tutoriais com Camstudio - Creación e publicación de vídeo manuais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación das tarefas a realizar e control personalizado do seu desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Instalación de Camstudio ou similar.</li> <li>Grabación dun pequeno screencast con narración en portugués. Subir o vídeo a YouTube.</li> <li>Creación dun vídeo-manual con Camstudio ou similar, con pantalla de presentación, subtítulos, narración en portugués, zoom e créditos. Descartar o audio orixinal e gravar o novo audio acorde cos subtítulos. Tema: manual de GIMP.</li> <li>Traducir o vídeo-manual dun compañeiro, primeiro os subtítulos e despois a narración. Incluir unha pantalla co nome do tradutor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Vídeo manual en dúas linguas e con subtítulos, realizado con Camstudio (ou similar).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VirtualBox, Camstudio ou similar, auriculares con micrófono, proxector</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Tarefa de clase</li> <li>LC.4 - Tarefa de clase</li> <li>LC.5 - Tarefa de clase</li> <li>LC.6 - Tarefa de clase</li> <li>LC.7 - Tarefa de clase</li> <li>LC.8 - Tarefa de clase</li> <li>LC.9 - Tarefa de clase</li> <li>LC.10 - Tarefa de clase</li> <li>LC.12 - Tarefa de clase</li> <li>LC.14 - Tarefa de clase</li> </ul>	11,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Vídeos de Hardware - Gravación e edición de vídeo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación da tarefa a realizar e control personalizado do seu desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Crear un vídeo real en portugués, utilizando a aplicación Kdenlive ou similar, explicando calquera cuestión relacionada co hardware. Contido:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>Narración: desbotar o audio orixinal.</li> <li>Varias escenas / planos.</li> <li>Transicións.</li> <li>Música de fondo.</li> <li>Pantalla de presentación e créditos.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Vídeo sobre hardware en portugués editado con Kdenlive ou similar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Kdenlive ou similar, cámara de vídeo, auriculares con micrófono, proxector</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Tarefa de clase</li> <li>LC.4 - Tarefa de clase</li> <li>LC.5 - Tarefa de clase</li> <li>LC.6 - Tarefa de clase</li> <li>LC.7 - Tarefa de clase</li> <li>LC.8 - Tarefa de clase</li> <li>LC.9 - Tarefa de clase</li> <li>LC.11 - Tarefa de clase</li> <li>LC.14 - Tarefa de clase</li> </ul>	11,0
Vídeo creacións - Aplicación práctica de técnicas aprendidas e novas técnicas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación das tarefas a realizar e guía paso a paso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aplicación práctica de técnicas aprendidas e novas técnicas, na creación dun vídeo para o certame de micro vídeos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Vídeo para presentar ao certame de micro vídeos do EDLG ou do Obradoiro da Igualdade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Computadores con acceso a Internet, cámara de vídeo, tripode, editor de vídeo e proxector.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.4 - Tarefa de clase</li> <li>LC.5 - Tarefa de clase</li> <li>LC.6 - Tarefa de clase</li> <li>LC.7 - Tarefa de clase</li> <li>LC.8 - Tarefa de clase</li> <li>LC.9 - Tarefa de clase</li> <li>LC.14 - Tarefa de clase</li> </ul>	9,0
					<b>TOTAL</b>	<b>34,0</b>

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Elaboración de presentación	30

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora presentación multimedia aplicando normas básicas de composición e deseño.	SI

**4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Introducción a Impress 1.2 Creación e utilización de modelos de diapositivas 1.3 Utilización do portugués.	1	Introducción a Impress	4,0
2.1 Creación dun pequeno curso que será exposto acompañado dunha presentación de Impress ou Prezi que ilustre a explicación. 2.2 Utilización do portugués.	2	Minicurso de informática	14,0
3.1 Creación dunha presentación con transicións automáticas, para proxectar nunha TV panorámica, con Google Slides. 3.2 Utilización do portugués.	3	Presentación para TV	12,0
<b>TOTAL</b>			<b>30</b>

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Identifícanse as opcións básicas das aplicacións de presentacións.	• LC.1 - Tarefa de clase	S	10
CA3.2 Recoñécense os tipos de vista asociados a unha presentación.	• LC.2 - Tarefa de clase	S	10
CA3.3 Aplicouse e recoñeceuse a tipografía e as normas básicas de composición, deseño e uso da cor.	• LC.3 - Tarefa de clase	S	10
CA3.4 Créanse presentacións.	• LC.4 - Tarefa de clase	S	30
CA3.5 Deseñáronse patróns de presentacións.	• LC.5 - Tarefa de clase	S	10
CA3.6 Utilizáronse periféricos para executar presentacións.	• LC.6 - Tarefa de clase	S	10
CA3.7 <a href="#">Empregouse o portugués na realización das tarefas.</a>	• LC.7 - Tarefa de clase	S	20
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.8.e) Contidos**

Contidos
<p>Portugués: xeral (nivel B1) e linguaxe técnica.</p> <p>Deseño e edición de diapositivas.</p> <p>Formato de diapositivas, textos e obxectos.</p> <p>Normas de composición: tipografía e uso da cor.</p> <p>Importación e exportación de presentacións.</p> <p>Uso de patróns e asistentes: patróns de diapositivas.</p>

**4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Introdución a Impress - Introdución a LibreOffice Impress	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación das tarefas a realizar e guía paso a paso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Introdución a Impress. Creación e utilización de modelos de diapositivas. Creación de contidos en portugués.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación básica realizada con LibreOffice Impress.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LibreOffice, proxeutor</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Tarefa de clase</li> <li>LC.2 - Tarefa de clase</li> <li>LC.3 - Tarefa de clase</li> <li>LC.4 - Tarefa de clase</li> <li>LC.5 - Tarefa de clase</li> <li>LC.7 - Tarefa de clase</li> </ul>	4,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Minicurso de informática - Creación dunha presentación para ilustrar unha exposición.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación da tarefa a realizar e control personalizado do seu desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Creación dun pequeno curso en portugués, sobre calquera tema relacionado coa informática. Será exposto de forma individual, acompañado dunha presentación de Impress ou Prezi que ilustre a explicación.</li> </ul> <p>Impress:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación non lineal: con enlaces a páxinas web, a vídeos externos, documentos ou a outra diapositiva do mesmo documento.</li> <li>Animacións automatizadas, pero non necesariamente as transicións.</li> <li>Entretida, sen demasiado texto, e con efectos sonoros e visuais.</li> </ul> <p>Prezi:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación con enlaces a páxinas web, imaxes e algún vídeo embebido.</li> <li>Atractiva, entretida, sen demasiado texto.</li> </ul> <p>É obrigatorio o uso do mando a distancia ou o taboleiro electrónico.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Curso en portugués con presentación Impress ou Prezi.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LibreOffice, mando a distancia, taboleiro electrónico, conexión a Internet, proxector.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Tarefa de clase</li> <li>LC.2 - Tarefa de clase</li> <li>LC.3 - Tarefa de clase</li> <li>LC.4 - Tarefa de clase</li> <li>LC.5 - Tarefa de clase</li> <li>LC.6 - Tarefa de clase</li> <li>LC.7 - Tarefa de clase</li> </ul>	14,0
Presentación para TV - Creación dunha presentación para proxeccionar nunha TV	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación da tarefa a realizar e control personalizado do seu desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Creación dunha presentación con Google Slides, con transicións automáticas, sen son, para proxeccionar nunha TV panorámica:</li> <li>Deseño propio con Patrón de diapositivas.</li> <li>Transicións automáticas.</li> <li>Efectos do texto e imaxes.</li> <li>Tamaño das diapositivas: 43cm x 24cm</li> <li>Contidos en portugués.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación en portugués, con transicións automáticas, para proxeccionar nunha TV.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Internet, televisor, proxector.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Tarefa de clase</li> <li>LC.2 - Tarefa de clase</li> <li>LC.3 - Tarefa de clase</li> <li>LC.4 - Tarefa de clase</li> <li>LC.5 - Tarefa de clase</li> <li>LC.6 - Tarefa de clase</li> <li>LC.7 - Tarefa de clase</li> </ul>	12,0
<b>TOTAL</b>						<b>30,0</b>

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	Aplicación de técnicas de soporte	8

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Ofrece apoio no uso de aplicacións e resolve as incidencias que se presenten.	SI

**4.9.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Simulación de incidencias, rexistro e resolución das mesmas. 1.2 Utilización do portugués.	1	Rexistro de incidencias.	6,0
2.1 Creación de manuais en Documentos de Google sobre GIMP, Scribus, Calc, etc. 2.2 Creación de vídeo-tutoriais sobre sobre GIMP, Scribus, Calc, etc. 2.3 Utilización do portugués.	2	Elaboración de guías visuais.	2,0
<b>TOTAL</b>			<b>8</b>

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Elaboráronse guías visuais cos conceptos básicos de uso dunha aplicación.			0
CA4.1.1 Elaboráronse manuais en Writer sobre GIMP ou Scribus.	• LC.1 - Tarefa de clase	S	10
CA4.1.2 Elaboráronse vídeo-tutoriais sobre Calc.	• LC.2 - Tarefa de clase	S	10
CA4.2 Identificáronse problemas relacionados co uso de aplicacións ofimáticas.	• LC.3 - Tarefa de clase	N	6
CA4.3 Utilizáronse manuais de usuario para instruír no uso de aplicacións.	• LC.4 - Tarefa de clase	N	6
CA4.4 Aplicáronse técnicas de asesoramento no uso de aplicacións.	• LC.5 - Tarefa de clase	N	6
CA4.5 Realizáronse informes de incidencias.	• LC.6 - Tarefa de clase	N	6
CA4.6 Aplicáronse os procedementos necesarios para salvagardar a información e a súa recuperación.	• LC.7 - Tarefa de clase	N	6
CA4.7 Utilizáronse os recursos dispoñibles para arranxar incidencias (documentación técnica, axudas en liña, soporte técnico, etc.).	• LC.8 - Tarefa de clase	S	10
CA4.8 Arranxáronse as incidencias no tempo adecuado e co nivel de calidade esperado.	• LC.9 - Tarefa de clase	S	10
CA4.9 Rexistráronse as incidencias correctamente nunha base de datos creada para tal efecto.	• LC.10 - Tarefa de clase	S	10
CA4.10 Empregouse o portugués na realización das tarefas.	• LC.11 - Tarefa de clase	S	20

<b>TOTAL</b>	<b>100</b>
--------------	------------

#### 4.9.e) Contidos

Contidos
<p>Portugués: xeral (nivel B1) e linguaxe técnica.</p> <p>Elaboración de guías e manuais de uso de aplicacións.</p> <p>Formación ao usuario.</p> <p>Resolución de incidencias.</p>

#### 4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Rexistro de incidencias. - Simulación de incidencias, rexistro e resolución das mesmas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación das tarefas a realizar e guía paso a paso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Creación dun modelo de rexistro de incidencias en ods, en portugués.</li> <li>Práctica de consulta de incidencias: os alumnos fan preguntas e respostas en portugués.</li> <li>Práctica de rexistro e resolución de incidencias vía Chat de Gmail, utilizando a base de datos "Rexistro de Incidencias".</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Práctica de rexistro de incidencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LibreOffice, conexión a internet, proxector.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.3 - Tarefa de clase</li> <li>LC.4 - Tarefa de clase</li> <li>LC.5 - Tarefa de clase</li> <li>LC.6 - Tarefa de clase</li> <li>LC.7 - Tarefa de clase</li> <li>LC.8 - Tarefa de clase</li> <li>LC.9 - Tarefa de clase</li> <li>LC.10 - Tarefa de clase</li> <li>LC.11 - Tarefa de clase</li> </ul>	6,0
Elaboración de guías visuais. - Elaboración de guías visuais cos conceptos básicos de uso dunha aplicación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades descritas en UD2 (A8) e UD7 (A3).</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Manual sobre GIMP e vídeo tutorial sobre Calc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Computadores con acceso a Internet, LibreOffice, editor de vídeo, editor de imaxes e proxector.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Tarefa de clase</li> <li>LC.2 - Tarefa de clase</li> </ul>	2,0
<b>TOTAL</b>						<b>8,0</b>

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1.- Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva:

UF1:

RA1: Todos excepto CA 1.11.

RA2: Todos excepto CA 2.5.

RA3: Todos excepto CA 3.6.

RA4: Todos excepto CA 4.6.

RA5: Todos excepto CA 5.7.

UF 2:

-RA1: Todos.

-RA2: Todos.

-RA3: Todos.

-RA4: Todos excepto CAs 4.2 a 5.6.

2.- Criterios de cualificación:

Valoración de cada UD:

- Traballo práctico diario (exemplos, exercicios, proxecto, etc.): 80% (UF1) ou 100% (UF2).

- Exame: 20% (UF1).

Sobre os exames, as prácticas e as notas:

- Para aprobar o módulo é necesario obter un mínimo de cinco puntos sobre dez en cada exame, en cada unha das tarefas especiais sinaladas como tal na aula virtual e no total das prácticas.

- No final de cada avaliación realizarase unha proba que representa o 20% indicado na alínea anterior, para as UD's da UF1.

- Aos alumnos que non poidan asistir a unha proba non se lles repetirá, independentemente do motivo (decisión tomada en reunión de departamento) excepto se se trata do exame final de xuño e sempre por causa de forza maior.

- As probas poden realizarse en computador empregando máquinas virtuais, na plataforma de educación (moodle) ou en papel.

- As cualificacións dos boletíns trimestrais son números enteiros. Neste módulo, a puntuación de cada alumno figurará truncada, sen redondear. O alumnado terá a posibilidade de redondear a nota final participando nun proxecto eTwinning voluntario.

Asistencia e perda do dereito á avaliación continua:

- A asistencia a clase é obrigatoria.

- Quen acumule 29 faltas sen xustificar, perderá o dereito á avaliación continua e só se lle cualificará a proba final de xuño (ver apartado 6.b).

Espérase do alumnado un comportamento correcto, en especial:

- Asistencia activa e puntualidade.

- Respecto ao profesorado e ao resto do alumnado.

- Uso correcto dos recursos: empregar computadores, acceso a Internet e teléfonos móbiles con autorización explícita dos profesores e para a finalidade indicada.
- Cumprimento das normas: [www.iessanclemente.net/normas](http://www.iessanclemente.net/normas)

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A temporalización deste módulo, non permite realizar un plan de actividades de recuperación nun período concreto.

No seu lugar, para o alumnado de primeiro ano:

- Realízase un seguimento continuo das necesidades de aprendizaxe do alumnado nesta situación.
- En cada UD farase a aplicación práctica de todo o aprendido nas anteriores, o que serve de repaso e corrección.
- O alumnado ten un control no final de cada UD que serve de aprendizaxe, pero non para cualificar.
- No día seguinte ao da realización do exame trimestral, farase unha corrección do mesmo na que o alumnado con nota entre 4,5 e 5 terá a posibilidade de aprobar. Cada exame, ademais de permitir avaliar, tamén serve de práctica e aprendizaxe.
- O alumnado ten a posibilidade de asistir ás titorías, nas que o profesor dará unha explicación personalizada e propondrá exercicios á medida das necesidades de cada un, que resolverán pola súa conta e serán corrixis en titorías ou en clase, segundo o caso.

O alumnado de segundo ano que teña este módulo pendente realizará exercicios propostos polo profesor de forma telemática durante o curso.

Ademais:

- Poderá presentarse aos controis das UDs e exames trimestrais, pero non se conservará a nota.
- En marzo presentase ao exame final.
- De non aprobar, no terceiro trimestre poderá incorporarse ao grupo de 1º.
- En xuño presentase novamente ao exame final.

Os repetidores de segundo ano teñen dúas opcións:

1. Asistir ás aulas. Se non pode por solapamento de horarios, deberá asistir cando o horario o permita e incorporarse totalmente no terceiro trimestre. Estes alumnos terán avaliación continua.
2. Realizar o arriba descrito para o alumnado de segundo ano.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua realizará en xuño as probas finais para comprobar se supera os contidos mínimos sinalados na alínea anterior.

As probas terán unha parte teórico-práctica, excepto as UDs 7 e 9, que requiren a entrega de traballos.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Durante o curso revísase a programación para incorporar as modificacións no ano seguinte.  
Avalíase a práctica docente en función dos resultados obtidos e da retroacción do alumnado.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase coas seguintes finalidades:

- Comprobar cales son os coñecementos previos do alumnado, que normalmente son dispares. Con todo, tentarase abordar os temas desde o nivel máis baixo posible.
- Detectar ANEE, coa colaboración do profesorado do grupo e do departamento de orientación, para posteriormente identificar e implementar as medidas de reforzo necesarias para cada caso.
- Identificar casos de absentismo ou mal comportamento para establecer as medidas adecuadas en cada caso.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Ademais das descritas na alínea 6.a, en caso de necesitalas, aplicaranse as medidas suxeridas pola orientadora do centro.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Trataranse os seguintes temas transversais ao longo do ano escolar:

- Confidencialidade da información das persoas (colegas, clientes, etc), respecto do dereito á intimidade e á honra.
- Respecto á propiedade intelectual: utilización de software legal (fomentando o uso de software gratuíto e versións de avaliación) e recursos con licenza CC ou recursos propios.
- A lectura en inglés, lingua na que se encontra moitas interfaces de aplicacións e documentación de calidade en internet.
- A redacción en galego, para habituarse a escribir nunha lingua que probablemente usarán no traballo. Así, o profesor fará un labor de corrección e solución de dúbidas.
- A utilización do portugués (o módulo impártese nesta lingua, ao tratarse dun ciclo plurilingüe en portugués) para facilitar a realización da FCT en Portugal e a posterior inserción laboral.
- A utilización de interfaces doutras linguas da Unión Europea.
- Actividades dos departamentos de Informática e Orientación: prevención de accidentes, autoemprego, seguridade na rede, intelixencia artificial, etc.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Proxectos eTwinning:

- Tratan de abordar as áreas prioritarias de FP: Uso de ferramentas TIC, idiomas e traballo en equipo. Tamén se tratan de casos reais nos que poder aplicar os coñecementos adquiridos no módulo.
- O alumnado participará obrigatoriamente nun proxecto xunto co AE Carlos Amarante de Braga. Ademais das áreas prioritarias, axudará a conseguir os obxectivos do ciclo plurilingüe e os obxectivos do módulo.
- Os proxectos están abertos ás ideas, habilidades e gustos dos propios alumnos, sempre que garden algunha relación co módulo (edición de vídeo, edición de imaxe, creación de vídeo-tutoriais, maquetación de publicacións, etc).
- O recoñecemento pola participación tamén serve para o Curriculum Vitae.
- A participación voluntaria en proxectos eTwinning será recompensada coa suba dun punto na nota final do módulo.

Consultar os proxectos realizados anteriormente en:

[www.iessanclemente.net/etwinning](http://www.iessanclemente.net/etwinning)

Outras actividades:

Propónse realizar outro tipo de actividades relacionadas con este módulo:

- Visita guiada a unha organización ou empresa de relevancia no eido das TIC.
- Visita a un centro educativo socio nun dos proxectos eTwinning.
- Introducción ao portugués.
- Clases de conversa en inglés, francés e portugués co profesorado de bacharelato e auxiliares de conversa. Módulo "Lingua Estranxeira Profesional I".
- Outras actividades organizadas polo coordinador do ciclo plurilingüe, departamento de orientación, EDLG, Obradoiro da Igualdade, coordinador de programas europeos e xefatura de departamento de informática.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Ciclo plurilingüe

O ciclo formativo SMR do IES San Clemente é un dos dous ciclos Estrela PluriFP en portugués de Galicia, iniciativa da Consellaría de Educación. Preténdese que o alumnado teña a oportunidade de formarse nunha lingua europea e realizar a FCT no estranxeiro no marco do programa Erasmus+.

A lingua escollida para tal acción é o portugués, por ser un idioma próximo, de rápida adquisición, utilizado en Portugal (país veciño, onde se poden organizar facilmente visitas formativas e prácticas en empresas), Brasil e Angola (países con grandes oportunidades para o sector TIC galego).

Actividades do ciclo bilingüe:

- O módulo Aplicacións Ofimáticas impártese en lingua portuguesa.
- Proxecto eTwinning coa escola profesional AE Carlos Amarante de Braga, no que o alumnado deberá interactuar, comprenderse e producir en portugués.
- Módulo complementario de dúas sesións semanais denominado "Português Língua Estrangeira Profissional I".

Ao finalizar o ciclo, o alumnado recibirá unha credencial oficial expedida polo centro conforme participou nun ciclo bilingüe, excepto quen se negue sistematicamente a utilizar o portugués nas actividades lectivas ou quen aprobe o módulo Aplicacións Ofimáticas por outras vías (proba libre, proba para PDs, noutro centro, etc).

O alumnado tamén terá a oportunidade de examinarse e obter o certificado oficial B1 do CAPLE (Universidade de Lisboa).

O coordinador PluriFP é o profesor CLIL Marcos Vence e a auxiliar de conversa, Beth Oliveira.

### 10.2) Linguas nas que se vai impartir o módulo

Aplicacións ofimáticas é un módulo CLIL en portugués. As comunicacións orais e escritas deben realizarse (ou tentar realizarse) nesa lingua.

Na escrita:

- O portugués, español, galego e inglés nos apuntamentos entregados ao alumnado, presentacións proxectadas e explicacións escritas.
- O portugués nos enunciados de exercicios e exames.
- O alumnado debe responder aos exercicios en portugués.
- O alumnado pode responder aos exames en español, galego (en calquera norma) e portugués.
- Software e documentación de sw. e hw. en calquera lingua, preferentemente en portugués.
- Información de internet (manuais, cursos, tutoriais, etc) en calquera lingua, preferentemente en portugués.
- Bibliografía recomendada en portugués, inglés e español.
- O galego e portugués nas comunicacións realizadas polo profesor fora do horario de clase (avisos, carteis, correos, etc) así como o seu material persoal.

Na fala:

- O alumnado para dirixirse ao profesor debe tentar usar o portugués pero tamén pode usar galego e español. Entre eles, calquera lingua.
- O profesor falará principalmente en portugués e puntualmente en galego.

### 10.3) Criterios para avaliar lingua estranxeira

Os obxectivos específicos dos ciclos formativos plurilingües, descritos na resolución do 3 de xullo de 2017 (Estrela PluriFP) son que o alumnado desenvolva habilidades de comunicación oral e escrita en lingua estranxeira e destrezas de comunicación específicas (en lingua estranxeira) do sector profesional ou ámbito produtivo no que se está a formar.

No Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, establécese que a programación debe concretar o currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo e as UD's que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional (neste caso, en lingua estranxeira). Para cada UD o docente ten que identificar, entre outros, os obxectivos específicos (no módulo CLIL implica incluír os obxectivos de Estrela PluriFP) e os criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado.

O manual da Consellaría de Educación "Elaboración de programación dos módulos profesionais LOE a través da aplicación informática" explica que no caso de que o docente considere que se deben impartir contidos novos ou aplicar CA novos, non recollidos no currículo oficial (como é o caso dos módulos impartidos en lingua estranxeira) porque os considera imprescindibles para a formación do alumnado (e neste caso, para a consecución dos obxectivos de Estrela PluriFP), pódese incorporar novos CA e contidos.

### 10.4) Organización do ensino

Por causa da crise sanitaria Covid-19, o ensino neste grupo organizouse con semipresencialidade rotativa por quendas:

- A clase é presencial para un subgrupo e (simultaneamente) telemática para o outro subgrupo, usando ferramentas de videoconferencia.
- Todo o alumnado independentemente da quenda, ten as mesmas obrigas e dereitos, por exemplo: a obrigatoriedade de asistir a clase.
- O equipo docente detectará o alumnado que precise recursos para o ensino telemático para facilitar os medios necesarios.

A organización do ensino adaptarase á evolución da situación sanitaria, podendo implementarse o ensino 100% presencial ou 100% a distancia, por exemplo, sempre mantendo as obrigas e dereitos do alumnado.